

No eido da acuicultura, as axudas establecidas teñen como finalidade promover unha actividade sustentable e respectuosa co ambiente. En total, a través de cinco ordes de axudas a Consellería do Mar poñerá á disposición deste sector máis de 15 millóns de euros. Desda cantidade, 8 millóns de euros destínanse a investimentos produtivos de empresas acuícolas que busquen diversificar a produción acuícola e as especies cultivadas e modernizar os seus centros. Tamén a investimentos que axuden a diversificar os ingresos das empresas mediante o desenvolvemento de actividades complementarias.

Ademais, as empresas de acuicultura que invistan en sistemas que contribúan a reducir o impacto ambiental, que promovan efectos positivos no ambiente e a redución de uso de auga, entre outros aspectos, poderán beneficiarse de 3,5 millóns de euros. A estas súmanse as achegas que promoven o uso de fontes de enerxía renovable e a eficiencia enerxética por importe de 1,2 millóns de euros.

Por outra banda aos novos acuicultores que creen por primeira vez unha pequena empresa que practique unha actividade sustentable destínanse 2 millóns de euros. Ademais a Xunta subvencionará con axudas por importe de 380.000 euros a empresas que contraten servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico e que contribúan a mellorar o rendemento das explotacións acuícolas e a reducir o impacto ambiental.

Frota

Para o ámbito pesqueiro, a Consellería do Mar establece axudas para tripulantes e propietarios de buques pesqueiros. No caso dos tripulantes fomentará a adquisición do primeiro barco pesqueiro para menores de 40 anos que queiran mercar unha embarcación a través dunha liña de axudas de 500.000 euros cos cales se poderá financiar ata o 25% do custo dun barco.

Para poder acceder a estas subvencións, os interesados deben ter traballado polo menos cinco anos como mariñeiro ou ter a titulación profesional exixida segundo a embarcación que se queira mercar. Esta liña de subvencións enmárcase dentro dunha orde de axudas que tamén recolle 300.000 euros para compensar aqueles tripulantes que traballasen a bordo de buques que paralizaron a súa actividade.

Dentro do conglomerado destas achegas tamén haberá unha liña de 4,7 millóns de euros destinada a investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros. Así, ao abeiro delas poderanse subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático, entre outros.